



## Acta de reunión

Órgano convocado	XEFATURA DE DEPARTAMENTO								
Lugar de reunión	LABORATORIO DO DEPARTAMENTO DE MADEIRA			Ordinaria		Extraordinaria	X	Urxente	
Nº de reunión	03	Data	18/9/2018	Hora inicio	12:00	Hora remate	13:30		
Moderador/a	VICTORIANO TOMÉ CASTRO								
Secretario/a									
Propósito	Xuntanza de departamento								
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Victoriano Tomé Castro</li> <li>■ María Luz Lorenzo Crespo</li> <li>■ Isidoro Dios Rodiño</li> <li>■ José Manuel del Valle Couto</li> <li>■ Gumersindo Couso Boullosa</li> <li>■ José Jorge Alvariñas Villaverde</li> <li>■ Vicente Cortizo Blanco</li> <li>■ María Jesús Brañas Porto</li> <li>■ Juan Carlos Garrido Álvarez</li> <li>■ Juan Luis López Dasilva</li> <li>■ José Ramón González Martínez</li> </ul>								

## Temas tratados

### 1. Planificación do curso 2017-18

O obxectivo desta xuntanza é planificar o inicio do curso tratando dende aspectos que inflúan no seu desenvolvemento, tales como, a distribución de grupos e talleres, taquillas, caixas de ferramenta, así como, a preparación e realización de diferentes proxectos para levar a cabo nas aulas e dependencias do centro, colaboracións con outros organismos e programas europeos.

### Distribución de aulas

Infórmase que os alumnos de 1º e 2º de FB Básica e os de 2º do ciclo de Instalación e Amoblamento recibirán as clases prácticas no taller 02. Os alumnos do ciclo medio de CARMO, o ciclo superior de DESEAMO e o ciclo medio de INSAMO-modular no taller 01. O módulo de tapizado de mobles no taller 03.

Gumersindo Couso Boullosa solicita utilizar tamén o taller 01 no módulo de Instalación de Carpintería.

Os módulos teóricos serán impartidos nas aulas HM1, HM2, HM3 e no laboratorio.

### Taquillas e caixas de ferramenta

A distribución de taquillas é a seguinte:

O ciclo medio de CARMO e 2º de FP-BÁSICA nas taquillas do taller 01.

O ciclo superior de DESEAMO e o ciclo modular de INSAMO-modular nas taquillas do baño do taller 01.





2º de INSAMO e 1º de FP BÁSICA no taller 02.

### **Acceso e uso dos talleres e aulas**

Se recorda que se comunique o alumnado que o uso do móbil nas aulas e talleres do departamento está prohibido, así mesmo, todos os usuarios dos talleres (profesores e alumnos) deben acceder en condicións de seguridade (botas de seguridade, bata, protectores auditivos de ser o caso e pantalón de traballo largo).

### **Mantementos de equipos e instalacións**

O XD pregunta se hai voluntarios para levar a cabo o mantemento dos talleres e equipos informáticos. A relación de profesorado disposto a facer mantemento (cambio de coitelas, serras de cinta, afiados, limpeza de filtros, etc), sempre e cando se concedan horas para tal finalidade é José Manuel del Valle Couto (cabina de vernizado), José Jorge Alvariñas Villaverde (coitelas), Gumersindo Couso Boullosa (taller 02) , Vicente Cortizo Blanco (serras de cinta) e Victoriano Tomé Castro (CNC).

O XD propón que cada profesor de teoría leve a cabo a supervisión dunha aula de teoría e a xestión das incidencias.

Respecto o procedemento a seguir para o mantemento existen dúas posibilidades, que o profesor comunique a secretaría do centro a incidencia mediante un parte da avarías ou que se chame directamente a unha empresa informática para a solución.

O encargado de compras solicita que se informe sobre as necesidades de material para o inicio de curso. Varios profesores transmiten as súas necesidades de material.

Acórdase renovar as licencias de Sketchup e Alphacam.

### **Compras**

Ante ausencia de voluntario nomease encargado de compras a Victoriano Tomé Castro. Infórmase sobre as directrices a seguir no proceso de compras, procedemento PR.84.COM. A nivel departamento seguiremos o seguinte protocolo *Anexo\_01 Protocolo de compras departamento*.

### **Proxectos a realizar**

Os proxectos que se pretenden levar a cabo o longo do ano académico son os seguintes:

- Bancos para bancada de cemento, para o centro (José Jorge Alvariñas Villaverde).
- Teito entrada a cafetería, para o centro (Isidoro Dios Rodiño).
- Acondicionado do baixo cuberta do faiado, para o centro (Vicente Cortizo Blanco).
- Moble e mesa, para o dpto de servizos a comunidade (José Manuel del Valle Couto).
- Portas de paso para o centro e moble para o departamento de electrónica (José Manuel Míguez Santos).
- Reparar o valado do xardín (Gumersindo Couso Boullosa).
- Mesa para conserxería (José Jorge Alvariñas Villaverde).





### Colaboracións

- Colaboración coa empresa *Finsa*. Jose Manuel del Valle Couto, Gumersindo Couso Boulosa e José Jorge Alvariñas Villaverde están interesados nunha colaboración con Finsa para a renovación da fachada da casa de madeira.

### Aportacións a Programación de departameto

Ningún membro do departamento fai suxestións a incluír para realizar o borrador da programación do departamento.

### Acordos

- Acórdase renovar as licencias de Sketchup e Alphacam. Responsables: Sketchup - María Luz Lorenzo Crespo, Alphacam – Victoriano Tomé Castro.

### Anexos

- *Anexo\_01\_Protocolo\_de\_compras\_departamento*

Sen máis asuntos que tratar e sendo as 13:30 horas, levántase a sesión.

Visto e prace moderador/a

Victoriano Tomé Castro



Pontevedra, 18 de setembro de 2018

